

DECRETO NÚMERO 17007795 DO 08/09/2017

Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico

Instruído expediente relativo a: **CONTRATACION DUN CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017). ADXUDICACION**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Informe Proposta do Servicio de Contratación do 4 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

“1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 17/360 na sesión celebrada o día 14 de xuño de 2017, polo que aproba a: **CONTRATACION DUN CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017)**, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto e o gasto de 13.779,48 euros con cargo á aplicación orzamentaria 16100.22799 do vixente Orzamento xeral de 2017 (RC 26632/17) e comprometerse a incluír nos vindeiros orzamentos a cantidade restante ata o remate do contrato e no caso de prórroga.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta de mesa de Contratación do 24 de xullo de 2017, co teor literal seguinte:

“...Sendo as 13:30 horas do día 24 de xullo de 2017 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnica do Servicio de Contratación, dona Ana Tabarés, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao aldariz, titular da Asesoría Xurídica; dona María Baza Técnico do Servicio de Intervención en substitución do Interventor Xeral; dona Concepción López López, funcionaria do Servicio de Medio Ambiente e actuando como secretaria dona Rosa Díaz Iglesias, administrativo do servizo de Contratación.

Asisten tamén o acto don José María González Lombardía, en representación da mercantil

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese a continuación á apertura dos sobres B) (oferta económica), co seguinte resultado:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1504858477213.doc

Asunto: PROPOSTA ADXUDICACION

- AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

- Análise do control na billa ("grifo") de usuario: 20,41 euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 63 análises estimadas do contrato resulta un total anual de 1.285,83 euros IVE excluído.

- Análise do control das fontes públicas: 19,63 euros/fonte sen IVE e que aplicado a un máximo de 300 análises estimadas do contrato (75 fontes x 4 trimestres) resulta un total anual de 5.889,00 euros IVE excluído.

- Análise do control sanitario das piscinas: 39,25 euros/analítica sen IVE e que aplicado a un máximo de 45 análises estimadas do contrato (9 analíticas de vasos exteriores e 36 analíticas de vasos climatizados) resulta un total anual de 1766.25 euros IVE excluído.

Resultando un total de orzamento ofertado para a globalidade do contrato de 8.941,08 euros anuais IVE excluído ó que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 10.818,71 euros IVE incluído.

- AKUNATURA DE OURENSE, S.L:

- Análise do control na billa ("grifo") de usuario: 24,70 euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 63 análises estimadas do contrato resulta un total anual de 1.556,10 euros IVE excluído.

- Análise do control das fontes públicas: 23,75 euros/fonte sen IVE e que aplicado a un máximo de 300 análises estimadas do contrato (75 fontes x 4 trimestres) resulta un total anual de 7.125,00 euros IVE excluído.

- Análise do control sanitario das piscinas: 47,50 euros/analítica sen IVE e que aplicado a un máximo de 45 análises estimadas do contrato (9 analíticas de vasos exteriores e 36 analíticas de vasos climatizados) resulta un total anual de 2.137,50 euros IVE excluído.

Resultando un total de orzamento ofertado para a globalidade do contrato de 10.818,60 euros anuais IVE excluído ó que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 13.090,51 euros IVE incluído.

- LABORATORIO DE GESTIÓN AMBIENTAL, S.L.:

- Análise do control na billa ("grifo") de usuario: 24,68 euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 63 análises estimadas do contrato resulta un total anual de 1.554,84 euros IVE excluído.

- Análise do control das fontes públicas: 23,73 euros/fonte sen IVE e que aplicado a un máximo de 300 análises estimadas do contrato (75 fontes x 4 trimestres) resulta un total anual de 7.119,00 euros IVE excluído.

- Análise do control sanitario das piscinas: 47,47 euros/analítica sen IVE e que aplicado a un máximo de 45 análises estimadas do contrato (9 analíticas de vasos exteriores e 36 analíticas de vasos climatizados) resulta un total anual de 2.136,15 euros IVE excluído.

Resultando un total de orzamento ofertado para a globalidade do contrato de 10.809,99 euros anuais IVE excluído ó que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 13.080,09 euros IVE incluído.

Por todo o exposto, a mesa de contratación propón como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa - **AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.**

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así.

como ter constituída unha garantía definitiva por un importe cada unha do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas...”

6º.- Decreto número 17006805, do 27 de Xullo do 2017, do Libro Único de Resolucións, dictado pola Tenente de Alcalde da Area de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, polo que se acorda seleccionar para a execución da CONTRATACION DUN CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017) a empresa AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA S.A.

7º.- Notificación do Decreto número 17006805, do 27 de xullo do 2017, a empresa AQUALIA GESTION INTEGRAL S.A. o 2 de agosto do 2017.

8º.- Documentación presentada por FCC AQUALIA S.A (antes denominada AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL S.A) , en tempo e forma no RXE do concello con data do 10 de agosto do 2017.

Á vista da documentación presentada detéctase un erro na tramitación administrativa do procedemento xa que figura como empresa AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL S.A en vez de FCC AQUALIA derivandose este erro posiblemente da existencia dun mesmo CIF xa que é a mesma entidade se ben cun cambio de denominación; polo que propónse a adxudicación a FCC AQUALIA S.A “

2.- Informe da Interventor municipal 545/2017, do 7 do setembro do 2017, de fiscalización.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico en virtude do acordo nº 4/455 da Xunta de Goberno Local de 7 de xullo de 2015. RESOLVO

Primeiro.- Adxudicar á mercantil **FCC AQUALIA S.A.** con N.I.F.: A26019992 o procedemento convocado para **CONTRATACION DUN CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017,** á vista dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas, dos que resulta a oferta economicamente máis vantaxosa consistente por unha banda nun orzamento máximo para a primeira anualidade de 8.941,08 euros anuais IVE excluído ao que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 10.818,71euros IVE incluído, co seguinte desglose:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1504858477213.doc

Asunto: PROPOSTA ADXUDICACION

- Análise do control na billa ("grifo") de usuario: 20,41 euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 63 análises estimadas do contrato resulta un total anual de 1.285,83 euros IVE excluído.

- Análise do control das fontes públicas: 19,63 euros/fonte sen IVE e que aplicado a un máximo de 300 análises estimadas do contrato (75 fontes x 4 trimestres) resulta un total anual de 5.889,00 euros IVE excluído.

- Análise do control sanitario das piscinas: 39,25 euros/analítica sen IVE e que aplicado a un máximo de 45 análises estimadas do contrato (9 analíticas de vasos exteriores e 36 analíticas de vasos climatizados) resulta un total anual de 1766.25 euros IVE excluído.

Resultando un total de orzamento ofertado para a globalidade do contrato de 8.941,08 euros anuais IVE excluído ao que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de 10.818,71 euros IVE incluído.

SEGUNDO.- Comunicar á empresa adxudicataria que, de conformidade co artigo 140 da LCSP a formalización do contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 135.4.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e demais licitadoras e as dependencias municipais afectadas; e requirir á mercantil adxudicataria, para que procedan ó aboamento dos gastos dos anuncios de licitación por importe de **75,92 euros**, co fin de formalizar o correspondente contrato administrativo dentro do prazo legalmente establecido, a cal poderase realizar mediante transferencia a calquera destes números de conta ES59 2080 0101 56 3110000947, ES78 0182-6219-51-0010165210 ou ES08 2100-5850-07-0200014045 indicando no concepto GASTOS DE ANUNCIO CONTRATACION DUN CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NA BILLA "GRIFO" DO USUARIO, AUGA DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMIENTO E DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE USO PÚBLICO. (EXPTE. REF. 17-2017)

QUINTO.- Requirir á mercantil adxudicataria para que antes da formalización do contrato copia da póliza do seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

SEXTO.- Notificar esta resolución ós interesados con indicación de que a dita resolución pon fin á vía administrativa polo que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto

Cumprase.